

Os anos das xestoras. A Deputación da Coruña na II República (1931-1936)

EMILIO GRANDÍO SEOANE

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMEN

Varias circunstancias inciden no desenvolvemento das Deputacións Provinciais durante os anos da II República, entre as que cabe salientar especialmente un período político altamente dinámico e polarizado, inserto dentro dunha situación económica moi crítica. Mais o resultado das iniciativas levadas a cabo fundamentalmente polos grupos republicanos progresista e socialista foi positivo para a institución: dende solucións para xestionar os problemas orzamentarios ata a aplicación das disposicións constitucionais respectos ás súas relacións cos organismos relixiosos, nunha manifesta intención de proxectar líñas de desenvolvemento futuro do ente provincial.

Palabras clave: Deputación Provincial, II República, administración local, ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), laicismo.

SUMMARY

The development of the Provincial Deputations during the second Republic had been affected by several circumstances such as a highly dynamic and polarized political period, surrounded by a very difficult economic situation. However, the result of the initiatives carried out by both the progressive and the socialist republican groups was positive for the institution. There were solutions to manage the budgetary problems, the application of the constitutional disposition respecting to their relationship with the religious organisms. With this, there was an intention to plan ways of future development of the provincial entity.

Keywords: Provincial Deputation, Second Republic, local administration, ORGA (Autonomic Republican Galician Organization), laicism.

Falar da actividade das institucións provinciais galegas no século XX é mencionar un proceso de crecente consolidación no ámbito da implantación da circunscrición da

provincia como eixe da estrutura convivencial de boa parte da sociedade galega, nomeadamente na súa parte oeste. Pero o poder social e político que teñen as Deputacións Provinciais nos nosos tempos, ese rol asumido por estas institucións de funcionar como elemento compensatorio cara os Concellos de reducida poboación da influencia socio-económica xenerada en torno as cidades e grandes vilas, sería impensable á altura dos anos trinta, tema deste artigo¹.

Partimos dunha situación de inicio non moi doada. As Deputacións Provinciais, organismos creados tras o proxecto centralizador do Estado Liberal do XIX, pasan o tránsito de século cunha existencia que case poderíamos calificar de meramente institucional, de representatividade oficial. Non hai un desenvolvemento das súas funcións, en boa parte por que non se aplica ese papel de mecanismo compensatorio, mais tamén porque mentras a súa presenza externa non fora ampliada máis alá da súa localización na cabeceira provincial, mantiña unha actividade institucional e unha influencia social endóxena e non cara ó exterior: é decir, complementaba a influencia das cidades cabeceiras de provincia e reforzaba o seu control do territorio provincial.

É durante os anos anteriores á II República, durante a Dictadura de Primo de Rivera, cando se acomete o máis firme proxecto de reforma das Deputacións, o 'Estatuto Provincial', mais sen uns resultados positivos visibles nas institucións galegas. Hai que salientar que a situación económica española e mundial, tras o crack do 29 tampouco estaba para grandes alegrías. Mais o que si se constatou durante os anos da II República, foi a intención constante de reforzar as competencias das Deputacións, facultades que se viron incrementadas mais sen un correlativo aumento dos ingresos. Detrás dos deputados provinciais destes anos atópase unha forte intención de construír vías de expansión e de influencia na sociedade provincial a través da Deputación, nesa orientación compensatoria, mais sen desprenderse aínda do vencellamento co núcleo provincial.

Mais quizás a primeira cuestión que cabe preguntarse é a do título: ¿por qué 'os anos das Xestoras'? A II República non foi precisamente o período da historia contemporánea de Galicia no que houbera unha maior estabilidade institucional. En só cinco anos houbo tres eleccións xerais, numerosos gobernos e xefes de gabinetes ministeriais... e todo elo nunha relación causa-efecto –na que a súa prelación aínda segue a fomentar o debate social– con dous golpes de estado militares e unha tentativa insurreccional revolucionaria. Non se pode pedir maior grao de dinamismo político, que vaise traducir en continuos bandazos na representación institucional do Estado.

Precisamente en virtude desta situación, que teríamos que encadrar necesariamente tamén na cultura política da Europa de entreguerras, cada vez mais polarizada en proxectos de futuro que rexeitaban as democracias parlamentarias, nos atopamos ante períodos políticos, rápidos, dinámicos, nos que o tempo de reflexión non existe, nos que o consenso como verba de construción política non aparece. Ambos os dous bandos

1 Para unha visión máis polo míúdo do tema deste artigo ver Grandío Seoane, E., *Política e provincia. A Deputación da Coruña na II República*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2004.

máis recoñecibles, o do reformismo republicano e o do conservadurismo católico, tiñan proxectos e liñas de actuación nas que non se amosaban puntos de converxencia. Mais aínda, a diverxencia foi presentándose cada vez con maior intensidade a medida que transcorría o quinquenio.

Debido a esta sucesión de ‘tempos’ –de reforma, pausada no primeiro bienio, e acelerada nos meses de goberno da Frente Popular; e de reacción, durante os meses de dirección do Estado dos radicais-cedistas- e o seu carácter afastado do consenso, boa parte das reformas republicanas referidas os seus apartados institucionais, véxase Administración Local ou Provincial, foi moi reducida. É por non decir que debido a ese ‘tempo’ político, o único que se acadou foi ‘adaptarse’ ás circunstancias. Non houbo unha reforma en profundidade destes aspectos, considerados prioritarios sobre todo para as novas autoridades republicanas, debido a necesidade casi inmediata de concurrir ás convocatorias electorais a Cortes. Estes comicios eran un elemento determinante de toda a estrutura política, e decidían como se dun ‘castelo de naipes’ se tratara, todo o entramado institucional: do estatal cara o local.

Penso que un exemplo resulta ben aclaratorio deste panorama de improvisación: durante toda a II República só houbo unhas eleccións municipais para a totalidade do Estado, as do 12 de abril de 1931, precisamente as que posibilitan o tránsito de sistema, e que non cabe esquezecer que foron convocadas e realizadas aínda baixo o sistema electoral da monarquía. O que se fixo en relación as corporacións municipais durante o quinquenio republicano foi ‘tapar as fisuras abertas’: así durante os anos 1932 e 1933 houbo convocatorias máis o menos amplias en varias circunscricións provinciais para cubrir vacantes de concellais resultantes das eleccións de abril do 31–xeralmente monárquicos– que impedían a gobernabilidade dos Concellos republicanos. Ou tamén ante a prohibición dos partidos de esquerda que tras a Revolución de Outubro de 1934 e a conseguinte suspensión dos seus representantes nas institucións públicas, nomeáronse de xeito interino substitutos que finalizaron o seu mandato tras o triunfo da coalición electoral Frente Popular en febreiro de 1936. Aínda das intencións e tentativas dos republicanos no goberno non hai momento para realizar unha reforma en profundidade da Administración Local, o que no caso galego como xa coñecemos, é decisivo debido o determinante peso do poder local.

Nesta deriva institucional se instalou tamén o rumbo das Deputacións Provinciais. Cada troco de goberno e, sobre todo, cada cambio político provocado por unha victoria/derrota electoral propiciaba a remodelación inmediata dos integrantes da Corporación Provincial. No caso concreto da Deputación herculina republicana o carácter de Xestora non o abandonou nunca. Dende a dimisión do Dictador Primo de Rivera, en xaneiro de 1930, a actividade da institución provincial limítase a un ‘deixar correr’, a un ‘agardar’ a nova realidade. Tras a designación destes Deputados Provinciais, casi todos eles de tendencia conservadora presididos por Angel Aperribay y Pita da Veiga, a nova corporación non amosa signos de vitalidade ata 1931, cando a caída de Alfonso XIII e tamén do sistema vese inminente. Nestes derradeiros días da monarquía vai ter lugar un goteo de

renuncias e dimisións, como por exemplo a de Alfredo Suárez Ferrín –o derradeiro Alcalde republicano da Coruña–, ‘por absoluta incompatibilidad moral’, e mesmo o propio Presidente Aperribay lle solicita ó Gobernador Civil que acepte a súa dimisión, que foi rexeitada rogándolle o máximo responsable político da provincia ‘que continúe en su puesto hasta que se resuelva’².

A reacción popular ante a chegada da República é coñecida. A provincia da Coruña e sobre todo a cidade cabeceira administrativa refrenda de xeito importante o sistema democrático e apoia ós candidatos das listas de oposición á monarquía. A supremacía dos republicanos no Concello herculino é asoballante: 34 concellais republicanos e 5 monárquicos. Aínda que se ben é certo que estas cifras agachaban fortes diverxencias internas no xeito de desenvolver o proxecto de República, naquel momento representaba un triunfo incontestable, no que os ‘casaristas’, a ORGA de Casares Quiroga, levaronse a maior parte do protagonismo. Nos primeiros anos do réximen a ORGA-PRG tiña o control de preto das tres cuartas partes dos Concellos da provincia, incluíndo os núcleos da Coruña e Santiago³.

Con esta perspectiva, e ante o vacío de poder institucional xenerado polo rumbo cara ó exilio de Alfonso XIII, ó poder chegou unha nova élite política: os membros do Goberno Provisional republicano. Eles foron os que outorgaron a dirección das corporacións que non foran elexidas en abril de 1931, e que no tema de Galicia en concreto, recaeu nas Xestoras Provinciais da ‘Federación Republicana Gallega’ (FRG). Na provincia da Coruña o control da FRG atopábase a cargo dos ‘casaristas’, que nomearon de xeito inmediato a tres salientables orguistas, membros do goberno local da Coruña, como integrantes da ‘Junta Administrativa Provisional de la Provincia de La Coruña’: Julio Wonemburger Canosa, Arturo Taracido Veira e Alfredo Somoza Gutiérrez. A relación e vencellamento co Concello da capital provincial é notoria, feito enunciado polo propio Goberno Provisional –no que se atopaba Casares– coa xustificación de que era imposible que o Gobernador Civil puidera realizar esta actividade⁴.

A República tampouco foi quen de poñer en limpo o papel institucional das Deputacións Provinciais. A medio camiño entre os Concellos e os réximes autonómicos, as Deputacións quedaban nunha sorte de vía intermedia, cunha escasa proxección exterior dende a súa localización urbana. E non foi por que o sistema non observara a necesidade de adaptarse ós novos tempos. De feito en setembro de 1931 tivo lugar a Asamblea de Comisiones Gestoras de Diputaciones en Madrid, e nela reivindicóuse con forza a sua

2 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1931, sesión do 24 de febreiro.

3 Grandío Seoane, E.; ‘O poder local na provincia da Coruña durante a II República’, en VV.AA., *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Universidade de Santiago-Parlamento de Galicia, 1997, páx. 247.

4 *Nesta mesma sesión deuse conta dun escrito da Xunta Administrativa Provisional da Provincia, na que reclamaba que dende o Concello se designara unha comisión provisional de tres membros, ‘ya de entre los individuos de su seno o de entre cualquier ciudadano sin puesto en él’ que se fixera cargo da Deputación*, na sesión do Concello da Coruña do 17 de abril de 1931, en Grandío Seoane, E.; ‘O republicanismo coruñés durante a II República. Poder local e urnas’, en VV.AA., *El Republicanismo Coruñés na Historia*, Concello da Coruña, páx. 130.

consideración de entidades de dereito público con facultades para desenvolver actividades y servicios⁵.

Mais os inconvincentes das Deputacións provinciais nese preciso momento eran moito maiores que as expectativas de carácter positivo. Ponce Alberca sinala catro: a súa non representatividade pola súa composición como 'xestoras'; o control do executivo central a través do poder do Gobernador Civil; a non presenza pública; e mesmo unha non doada proxección, ó non atoparse explícitamente dentro das consideracións de ningún dos programas dos partidos políticos daquel intre⁶. En definitiva unha situación intermedia, con intencións de maior proxección e que tiña as mans atadas.

A primeira Comisión Xestora da Deputación Provincial da Coruña da II República nomeouse o 5 de maio de 1931, pouco máis de vinte días despois de proclamado o novo réxime. Atopabase dirixida por Somoza Gutierrez como Presidente e Taracido Veiga como Vicepresidente. Contrariamente o que acontecera nas corporacións anteriores, que eran designados os deputados provinciais por entidades, a primeira da II República incluía os seus deputados na representación territorial dos seus distritos. A súa composición integraba ó republicanismo da provincia, con sectores pertencentes ó Partido Radical e sobre todo a ORGA.

A corporación terá certa continuidade ata o cese de boa parte dos seus membros como produto da derrota electoral da esquerda republicana en novembro de 1933. Non foi unha circunstancia singular senón que foi un proceso paralelo ó que aconteceu noutras institucións provinciais do Estado. Sen embargo, aínda que nun principio son 'casaristas' e radicais os que cheguen ó control da Deputación dende a primavera de 1932 os representantes do Partido Radical o irán abandonando.

As razóns deste abandono son diversas mais podemos sintetizalas en dúas: a primeira delas é que o control da institución é casi absoluto dos 'orguistas', tanto polos postos que ocupan como pola súa boa relación institucional co goberno estatal, derivación última do seu poder vía Gobernador Civil. A segunda é estratéxica, e moito máis dependente das orientacións do Partido Radical na procura de votos. Ante o predominio do espazo do republicanismo polos sectores reformistas de esquerda, a organización de Lerroux decide virar cara ó espazo político baleiro nese momento, para tentar o asalto ó poder. Dende estes primeiros meses de 1932 o Partido Radical inicia un discurso moderado, vencellado sobre todo a nivel local coa defensa das institucións católicas que, ante a desfeita electoral das súas organizacións, precisaban de apoios políticos. Participar do control das institucións xunto aqueles que eran criticados dende o mesmo partido non sería ben visto pola opinión pública⁷.

5 Ladrón de Guevara Flores, M^a Paz, 'República y guerra (1931-1939)', en VV.AA., *Historia de la Diputación Provincial de Ciudad Real (1835-1999)*, Biblioteca de Autores Manchegos-Diputación de Ciudad Real, 1999, páx. 231.

6 Ponce Alberca, J., *Política, instituciones y provincias. La Diputación de Sevilla durante la Dictadura de Primo de Rivera y la II República (1923-1936)*, Diputación de Sevilla, 1999, páx. 543.

7 Para o desenvolvemento e cambios de orientación do Partido Republicano Radical durante os anos da II República ver a obra de Townson, Nigel, *La República que no pudo ser*, Taurus, 2002.

A relación Estado-Igrexa na II República non foi un problema de doado arranxo. Dende a chegada desta primeira Comisión Xestora percíbíuse un importante troco na relación mantida pola Deputación herculina respecto ás institucións confesionais. Tras a queima de edificios relixiosos dos primeiros meses da República se solicitou un auxilio polo incendio acontecido na Igrexa e Residencia dos Capuchinos da Coruña. Os que recibirían esta axuda non serían os sacerdotes senón ‘vecinos del Barrio de Santa Lucia que han perdido su modesto ajuar’⁸. Mais sen dúbida o grande problema neste ámbito foi a presenza ou non de relixiosos nos centros provinciais de Beneficencia, non tanto polos capelláns –que foron expulsados– senón pola presenza das monxas que cuidaban a totalidade destes hospitais, da Orde das ‘Hijas de la Caridad’, cando os distintos profesionais contratados.

Neses meses de 1932 ten lugar tamén unha forte crise interna na ORGA, que se observa no abandono de altos cargos da organización. Esta actitude percíbese sobre todo na provincia de Pontevedra, en dirixentes provinciais como Poza Juncal ou Ossorio-Tafall, mais tamén na de Lugo coa ruptura do equilibrio de poder na Xestora da Deputación Provincial. A causa: a disconformidade coa liña política mantida na organización republicana respecto as relacións co seu líder, Casares Quiroga. A absoluta dependencia do partido e das súas accións respecto a súa persoa, provocaba unha incapacidade cada vez máis manifesta de crear cauces e vías de promoción interna dende as organizacións locais cara ó Comité Central orguista.

En medio de todo este mar de fondo a dirección orguista da Deputación herculina tamén amosa a súa intención de renunciar ós seus cargos en xullo de 1932, nas persoas de Somoza, Taracido e Wonemberger. Posiblemente as súas intencións non foran as de poñer en perigo a situación do partido, xa que o control ‘casarista’ era absoluto na cidade herculina, mais si aproveitar a ocasión para anovar a Deputación e retomar ós seus cargos de Concellais, en intres tamén especialmente conflictivos na institución local, con trocos constantes na Alcaldía. Á hora do repliegue de filas dos membros destacados da ORGA, a posesión dos dous postos estorbaba máis que beneficiaba, e o mesmo tempo recoñecía-se implícitamente o control do Concello da Coruña como o auténtico e decisivo poder.

Na Sesión Extraordinaria do 15 de xullo foi nomeado novo Presidente da Deputación o tamén Tenente de Alcalde da Coruña Manuel Insua Sánchez. A súa elección foi realizada mediante sufraxio secreto e por 6 votos a favor e 1 en branco, debido á deserción dos radicais⁹. No seu discurso de toma de posesión evidenciaba as intencións de desenvolver un proxecto que permitira desvencellar a institución da súa dependencia da cabeceira da provincia:

8 Finalmente a axuda foi ampliada a 21 persoas, coa cuantía de 100 pesetas para cada unha; Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1931, Sesións do 10 de xullo e 23 de outubro.

9 Do control absoluto dos ‘casaristas’ nesta corporación decir que tras o golpe de Estado de Sanjurjo en setembro de 1932, nos derradeiros meses dese ano o Presidente Insua manifestaba que todos os Vocais que constituían a Deputación pertencían ó PRG-ORGA; Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1932, sesión do 9 de decembro.

Afirma que en Galicia no existe, afortunadamente, la preocupación de la ciudad macrocéfala, y esto permite que el impulso del progreso en ella pueda irse realizando de un modo conjunto y armónico, con respeto a las características peculiares de cada pueblo. Así El Ferrol representa la primera factoría naval de la Nación. Sus construcciones navales, tanto militares como civiles, rivalizan con cualesquiera nacionales y extranjeras, y aun cuando en estos momentos, debido a que el Estado no puede construir buques por su cuenta se encuentra en difícil situación, no tardará, merced a la evolución que está realizando la Constructora, en competir con otras factorías, no sólo en calidad, pues los buques allí construidos son airoso de líneas y de excelentes condiciones, sino en el terreno económico, recuperando el rango industrial que le corresponde, y yo entiendo –agrega– que debemos ayudar con todas nuestras fuerzas a ese pueblo, constituido en su mayoría por obreros especializados, que son honra de nuestra industria nacional, a vencer las dificultades que estos momentos amenazan su desenvolvimiento económico.

Santiago, prosiguió diciendo, tiene la gloria de ser todo él un monumento y uno de los centros más importantes de la cultura patria. Gracias a la perseverancia de su Rector universitario se ha llegado a la construcción de la Residencia de Estudiantes, que honra a Galicia, por haberse construído sin el apoyo económico del Estado y únicamente merced al esfuerzo de aquel pueblo, secundado eficazmente por toda la región. Santiago tiene además el Gran Hospital, escuela práctica de la que han salido significadas mentalidades médicas de la Nación, y por eso, y porque es una gran obra humanitaria, promete continuar apoyando toda labor que redunde en engrandecimiento de aquel benéfico Establecimiento¹⁰.

A vida das institucións nestes anos atopábase totalmente dominada polos vencellamentos ideolóxicos. Calquer acción, mesmo de carácter administrativa ou puramente executiva convertíase nunha expresión do troco de sistema, dos beneficios do cambio da monarquía á república. Unha boa mostra desta situación é a aprobación por Obras Públicas do proxecto de realización da Ponte do Pedrido, que reducía notablemente o traxecto por estrada entre Ferrol e A Coruña. Insua saudóna cun forte carácter simbólico: ‘representa una lucha entre el caciquismo y el interés público’¹¹.

Tras a victoria electoral de novembro de 1933 as Deputacións provinciais galegas de orientación progresista ou de esquerda foron disoltas entre os meses de xaneiro e febreiro de 1934. Aínda que o Decreto do Ministerio de Gobernación foi aprobado o 4 de xaneiro, problemas na designación dos novos deputados provinciais afastaron o nomeamento da nova Xestora, tamén nun proceso semellante ó acontecido tras outubro de 1934 no Concello da Coruña. Non casualmente o primeiro discurso da nova Xestora foi realizado pola orixe última dese novo poder: o Gobernador Civil Ricardo Gasset Alzugaray¹².

10 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1932, sesión extraordinaria do 15 de xullo, paxs. 259-260.

11 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1932, sesión do 17 de febreiro.

12 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1934, sesión extraordinaria do 9 de febreiro.

Presidida por Victoriano Fabeiro –aínda que será substituído en pouco tempo, en maio, por Antonio Goyanes–, a orientación da nova Xestora vira cara o conservadurismo, ben á dereita-confesional como os casos de Antolín Sánchez Valeiro e Genaro Blanco, ou a posturas máis moderadas dentro do republicanismo, como evidencia a presenza nesta corporación de homes como Victoriano Fabeiro, Liñares ou Fojo. Mais tras a análise dos seus integrantes ollamos un retorno dos representantes da ‘vella política’, daqueles que xa participaron dentro das corporacións da monarquía, como Goyanes Cedrón ou Ramón Vilas. Aínda que foran designados polo Gobernador Civil, Wonemberger e Pérez Artime rexeitan participar nesta Xestora. A primeira acción da nova corporación será a solicitude do cedista Antolín Sánchez Valeiro dun estado das contas que amosara a situación económica da Deputación dende o 14 de abril de 1933¹³.

Mais contrariamente ó que se podería supoñer, nestes primeiros meses non hai unha actitude consensuada das tendencias internas dos representantes provinciais. De feito, se plantexan tres tendencias, cada unha delas coa suficiente forza como para reivindicar protagonismo de seu na institución. A primeira a do Partido Radical, que tiña maior representación, tanto en calidade como en número, e a que se lle engadía a suficiente influencia nas institucións de poder central, mesmo no Goberno Civil. Unha segunda representada polos homes do catolicismo político, da CEDA, que xogan un duplo papel: o da forza conservadora cun discurso anovado e liña ascendente, máis tamén xogábase co peso do principal partido en número de escanos das Cortes, indispensable para a gobernabilidade co Partido Radical. E en terceiro lugar, máis non por elo menos trascendente, os vestixios das antigas redes clientelares da monarquía, os ‘independentes’, orientación política nuclear, chave para entender a política galega.

A influencia do radicalismo irá en aumento na Deputación ata outubro de 1934. Precisamente tras estes feitos aprobarase unha moción na que se nomea a Lerroux como ‘hijo predilecto de la provincia’, a xeito de paralelismo cos agasallos recibidos por Casares Quiroga da anterior corporación republicana¹⁴. Mais esta Xestora non foi precisamente a que menos problemas tivo durante a República. A unha situación de crise económica, se lle engaden verdadeiras dificultades para cadrar os orzamentos, tanto no apartado de gastos como no de ingresos. O incremento do persoal da Deputación nos dous primeiros anos da República provocou que se tiveran que realizar medidas de reforma dunha política de estabilización laboral levada a cabo polos republicáns progresistas, acción que repercutía e beneficiaba aqueles que acadaran os seus postos de xeito previo á chegada do réxime. Respecto as posibilidades de novos ingresos intensificóuse a procura dos mesmos mediante a recaudación do imposto de cédulas persoais. Ante unha pretendida procura de maior eficacia da súa xestión foron cesados nun só día todos os seus recaudadores. Todo isto, e máis asuntos, foron abordados e aprobados nun só día, practicamente sen debate interno¹⁵.

13 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1934, sesión do 13 de febreiro.

14 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1934, sesión do 7 de novembro, páxs. 397-398.

15 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1934, sesión extraordinaria 29 de agosto, páxs. 304-316.

Os problemas económicos, constantes durante toda a República, non se solventarán con estas medidas. Os informes do Interventor durante todo o ano 1934 son moi negativos, insistindo en restrinxir os gastos e incrementar os ingresos, mediante a reclamación a distintos concellos da súa aportación á Deputación. Os problemas de orzamento foron tan evidentes que o de 1934 foi mesmo retocado a finais dese ano, ante as constantes reclamacións do Interventor.

Mais a situación económica complicaríase notablemente nos primeiros meses de 1935, curiosamente tamén nun proceso paralelo o que acontece noutras Deputacións Provinciais. A realidade é que a corporación tenta reformas no orzamento deste ano coa intención de contentar a distintos grupos de presión local, modificando o crédito mesmo contra os Informes do Interventor¹⁶. A situación enrarecéuse totalmente cando o Interventor atacou directamente á xestión da recaudación das cédulas. O conflito saltou á prensa, e mesmo Sánchez Valeiro respostou ás críticas do Interventor, nun ton que algúns compañeiros de corporación mesmo consideraron fora de medida¹⁷. Finalmente ó Interventor se lle abriu expediente informativo, que foi sobreseído en datas posteriores. A resposta a unha situación tan enquistada como aquela foi o nomeamento dun Asesor Xurídico da Deputación, mais non vencellado á Corporación como se viña facendo ata aquela.

Tras os feitos de outubro de 1934 a situación deu unha viraxe para o conservadurismo, republicán ou non. O día 10 dese mes, aínda sen rematar o conflito civil, o Presidente Goyanes fixo a seguinte declaración institucional, que foi aprobada por unanimidade:

Expresar en las actuales circunstancias la incondicional adhesión de esta corporación provincial al Gobierno, formulando la más enérgica protesta contra la descarada rebeldía provocada por los malos españoles, enemigos de toda legalidad

16 Mesmo déronse subvencións para a celebración das festividades locais de Carballo –xuño– e A Coruña –outubro–; en Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1935, Sesións do 19 de xuño e 9 de outubro.

17 *Dice que no quiere desconocer ni regatear el interés del Interventor por la Diputación; pero que se excede en su cometido, barajando cifras arbitrariamente y acudiendo a polémicas periodísticas, con menoscabo del prestigio de la Diputación, ya que viene a inculpar a los Gestores de no proceder en debida forma. Añade que cree sinceramente que la gestión directa en la recaudación de cédulas ha producido buen resultado, y que no puede tolerarse que en una polémica de prensa se dé publicidad a datos de que el Interventor dispone por razón de su cargo, y se dedique a zaherir a otro funcionario, por discrepancias que con el mismo tenga a propósito de la función. Manifiesta seguidamente que tal proceder podría pasar por una vez, si no tuviese precedentes lamentables, y recuerda a tal propósito discordias del mismo Interventor con el Ingeniero Jefe de la Sección de Obras y Vías provinciales, sobre lo cual se extiende en consideraciones encaminadas a razonar la conveniencia de poner término o corregir esa agresiva predisposición, ya que entiende que el buen servicio del cargo no requiere tan frecuente reincidencia en polémicas de índole marcadamente personal. Añade que de ella no se libran ni los propios Gestores, con los cuales dice se ha extralimitado en algunas ocasiones, llegando a inflingirles molestias rayanas en el agravio, lo cual, al menos por su parte, estima intolerable; Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1935, intervención do Deputado Provincial Antolín Sánchez Valeiro na sesión do 16 de outubro.*

Aqueles que se mantiñan aínda pendentes de que o sistema republicano cuallara na sociedade española observaban como esmorecían as poucas vías de acadar un equilibrio político. Aqueles que ollaban o sistema republicano máis como medio e non como fin, tras eses meses e apoiados por unha propaganda nos medios de comunicación violenta e combativa e a suspensión dos xornais progresistas e de esquerda, decidiron desbotar a idea de que o sistema podía traer algo bon. O fraccionamento da sociedade era un feito que provocou a súa vez a homoxeneización dos plantexamentos políticos, tendente cada vez máis cara solucións extremas e radicais. Un exemplo deste troco do sistema de valores: aínda que a crise económica era o feito que caracterizaba a actividade da Deputación, practicamente sen problemas xestiónanse das arcas da institución 5.000 pesetas para unha homenaxe ó exército¹⁸.

Tamén retomouse a relación das institucións oficiais respecto a relixión de antes da República. A corporación radical-cedista cambiou a denominación das salas dos edificios da Beneficencia Provincial que tiñan nomes de santos, e aceptou de novo o persoal relixioso. Na plantilla de persoal adscrito á Deputación en 1934 había 59 monxas da Orde das 'Hijas de la Caridad', que cobraban cada unha 3'25 pesetas diarias, e que motivaron a substitución de casi todo o persoal de enfermeiras existente nos primeiros anos da República¹⁹. Mesmo se chegou a cuestionar as disposicións constitucionais en materia relixiosa, establecéndose a obriga de decir misa diaria nos establecementos provinciais, xunto a administración dos sacramentos da comunión e extremaunción ás monxas que o necesitaran. Argumentábase do seguinte xeito:

Considerando que si bien el artículo 26 de la vigente Constitución de la República Española establece que las provincias no mantendrán, favorecerán ni auxiliarán económicamente a las iglesias, asociaciones o instituciones religiosas, la obligación contraída por la Diputación en dicho artículo 36 no cae dentro de tal prohibición, ya que a dicho precepto no puede dársele más alcance que el de prohibir que las provincias inviertan cantidades de su orzamento, por propio impulso y voluntaria determinación, en beneficio del culto religioso o de las asociaciones e instituciones dedicadas a fines religiosos, ni tales servicios tienen el carácter de voluntarios, pues vienen impuestos en virtud de preceptos por los que se rige la citada Orden religiosa, la que, en sus contratos de arrendamiento de servicios, redactados con arreglo a normas generales invariables, exige la prestación de servicios religiosos, y que de no hacerlo así resultaría imposible utilizar los que prestan las mencionadas Hijas de la Caridad, insustituibles en su cometido, no sólo por la abnegación con que lo desempeñan, sino también por la indudable economía que se obtiene en el coste de dichos servicios²⁰.

- 18 Ó non poder anular os créditos do orzamento de 1934, tívose que incluír esta cantidade no de 1935, aínda sen aprobar; Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1934, sesión do 31 de outubro.
- 19 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1934, Sesión do 29 de agosto, páxs. 308-313.
- 20 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1935, Sesión do 18 de setembro, páxs. 352-353. A Comisión Xestora de Portela Valladares refrendou esta disposición polos mesmos motivos de eficiencia e economía, deixando a posibilidade da celebración das misas dentro das institucións provinciais de Beneficencia, cuestión aprobada na derradeira sesión da corporación, a poucos días da chegada ás institucións da FP; Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1936, Sesión do 19 de Febreiro, páxs. 67-68.

A situación de gobernabilidade do Estado chegou a un límite de tal intensidade que Alcalá Zamora decidiu facer uso da súa segunda potestade como Presidente da República para disolver as Cortes e convocar novas eleccións. Para iso tivo que nomear un goberno de transición dirixido por Portela Valladares, que a súa vez motivou o nomeamento dunha nova Xestora Provincial, que aínda seguía a ser nomeada polo primeiro decreto do 21 de abril de 1931.

A nova corporación tenta ser unha Xestora de centro, mais tentando conservar as tendencias políticas da provincia, é dicir, tendente ó reformismo republicano. A excepción de Fabeiro, Pérez Artime, Wonemberger ou Fojo os demais deputados provinciais non son figuras de grande peso político, mais sí garanten o seu republicanismo. A supremacía da ORGA segue a ser importante, e de feito eiquí aparece tamén esa tendencia de Portela Valladares dende o seu posto de Xefe do Gabinete Provisional a conciliar os intereses da República coa realidade política das provincias, como acontece noutras circunscricións do Estado. Na práctica habería un reparto de papeis entre Pérez Artime, como Presidente da Deputación, e Wonemberger, nun papel mais funcional de control de boa parte das seccións da Deputación. Tampouco esta distribución é casual. Son precisamente aqueles dous Deputados Provinciais que rexeitaron expresamente a súa participación na Xestora de febreiro de 1934²¹.

Todos coñecían que era unha Xestora de ‘transición’, de ‘paso’, mais no seu haber hai que contabilizar a resolución do enquistado problema das relacións corporación-Interventor. De non contar co Interventor nos meses anteriores na realización do orzamento previsto para 1936, dende a chegada na nova Xestora aceptanse as súas consideracións de informes, aceptando as deficiencias atopadas nos cálculos feitos para os créditos, ou no pago de dietas dos Vocais da anterior Comisión e dos guardas de vixilancia dos novos edificios de Casas de Expósitos da Coruña e Ferrol²².

Nas eleccións de febreiro de 1936 os resultados da provincia da Coruña foron en consonancia co que aconteceu no resto do Estado: a victoria da Frente Popular. A partir deste intre dase un curioso, mais non singular, proceso de converxencia política. De aquilo que fora concebido como unha plataforma electoral na procura de mellores resultados nas eleccións pasouse en poucos días á conformación de maiorías desa coalición que funcionaron como se de un partido ou organización política se tratara. Ou quizáis mellor. De feito, existiu dende aquel momento ata o golpe de xullo de 1936 unha moi notable

21 O Gobernador Civil insistía precisamente nesa capacitación: *Añade que ha sido para él una gran satisfacción hacerlo así, por doble concepto: por la personalidad que cada uno de ellos ha logrado crearse en el estudio y en el trabajo, y por el respeto que han conquistado en el orden político, pues todos han recibido el espaldarazo de la opinión pública al haber sido elegidos en votación popular para los cargos que ostentan, como es el de Alcalde, que es quizá el título más preciado que puede ganarse en una democracia. Y termina requiriendo a los nuevos Gestores para que realicen una labor fructífera, despojada de todo personalismo y laborando por el bien de la provincia, que es tanto como laborar por el bien de España y de la República;* Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1935, Sesión Ext. do 27 de decembro, pax. 548.

22 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas de 1935, sesión do 30 de decembro, pág. 556.

compenetración entre o voto da maioría da cidadanía e os seus representantes políticos en base a un contrato: o programa.

E é que o cumprimento desas liñas programáticas tentouse cumprir do xeito máis inmediato posible. A saída da cadea dos encausados polos feitos de outubro de 1934 foi o elemento máis recoñecible destes meses, mais tamén houbo toda unha serie de accións que se levaron a cabo nestes días que precisamente non se puideron afondar polo escaso tempo entre as eleccións e o golpe de estado.

Mais quizáis o máis salientable foi o que era nun principio unha coalición electoral cun obxectivo nítido, o triunfo nas eleccións de deputados a Cortes, traspasóuse no seu espírito a todas as corporacións locais e provinciais, que funcionaron na maioría dos casos tendo a mirada nunhas liñas directrices básicas e non nas súas estratexias particulares de partido.

A Xestora Provincial da Frente Popular constituíuse o 23 de marzo de 1936, ocupando o cargo de Presidente José López Bouza e o de Vicepresidente Anxel Casal. Constátase co nomeamento como Vicepresidente de Casal o ascenso dentro da FP do Partido Galeguista, incremento contrastable non só nesta institución senón na consecución de Alcaldías en varias vilas e cidades galegas. Agora o PG xúntase o anterior bloque de poder constituído pola unidade de acción do republicanismo reformista e o PSOE, conxunción que posibilitara os gobernos do primeiro bienio. Contrariamente ó que se lle poidera supor pola presenza de Casares Quiroga en altos postos de representatividade do Estado ou pola importante sintonía política coa corporación da capital provincial, nestes meses desaparece ese espírito ‘coruñesista’ que comentabamos dende a primeira páxina como elemento núcleo da Deputación republicana. O incremento do control dos socialistas na institución provincial pode esgrimirse como un elemento ben explicable nese cambio de actitude, volcado agora nun maior interés por proxectar a Deputación no territorio da compensación interna da circunscrición provincial.

Ademais nesta corporación habería que salientar que se lle outorga á Deputación un papel moito máis importante de representatividade, de maior ‘dignidade popular’, do que carecía ata daquela. Nesta Xestora están os Alcaldes de boa parte das cidades e vilas mais importantes da provincia como López Datorre –Betanzos-, Quintanilla –Ferrol– ou Casal –Santiago–. Esta non era a realidade da corporación provincial en 1930. Dende a chegada da II República ata 1936 acométese unha clara reforma das expectativas e dos proxectos de futuro da Deputación, aínda non palpables na súa capacidade orzamentaria, mais que si se confirman como unha tendencia a seguir no longo do período.

Son os socialistas, sobre todo na persoa de Quintanilla, os que protagonizan unha grande actividade en só cinco meses respecto á reorganización interna da administración provincial, tanto na revisión dos nomeamentos da Xestora radical-cedista de 1934-35, como na tentativa de centralizar a adquisición de materiais, para asumir o control das finanzas provinciais.

Tamén no apartado relixioso, verdadeiro caballo de batalla das distintas corporacións republicanas, a Deputación frentepopulista amosouse como un bloque. A dirección

dos socialistas neste plano non se plasmou unicamente na previsible e realizada substitución das 'Hijas de la Caridad' por persoal laico –proceso no que se incluíron denuncias de varios enfermos do Hospital de Santiago insistindo nas deficiencias da institución pola 'resistencia sistemática de las Hijas de la Caridad'²³–, senón tamén no troco dos relixiosos encargados do ensino no Hospicio Provincial por maestros nacionais, ou mesmo o acordo da substitución do informe dos párrocos como acreditación válida nas Casas de Expósitos polas cartas dos Alcaldes²⁴.

O ascenso de Casares Quiroga á xefatura do gabinete ministerial facilitou de xeito indudable as xestións da Deputación coas institucións centrais. Na viaxe realizada en maio de 1936 a Madrid por representantes da institución provincial as xestións aceleráronse debido, e indicamos textualmente, ó *interés* amosado por Casares no acceso a distintos Ministerios. Os dous problemas mais graves cos que se achegaban á capital da República, unha subvención de tres millóns de pesetas para a construción do Hospicio e a cesión do edificio de San Caetano en Santiago para a instalación dos servicios do Hospital Provincial, foron resoltos a expensas dunha aprobación posterior no Consello de Ministros²⁵.

Mais non todo eran vantaxes. Tras o triunfo nas urnas da FP tivo lugar un incremento moi notable nas atribucións sociais e de Beneficencia das corporacións provinciais, froito do interese tomado pola esquerda nese senso. Mais ista intención chocaba frontalmente cunha necesidade notable de recursos, que impedía a súa posta en práctica. Na Sesión do 24 de xuño o Interventor amosaba a súa impresión sobre o estado económico da institución provincial, suliñando os inconvincentes que conlevaba a nova situación:

No es propicio el actual momento para la revisión, puesto que la situación económica de las Diputaciones es verdaderamente crítica, dado el aumento creciente que han tenido sus atenciones benéfico-sociales y las cargas impuestas por servicios del Estado, complicado todo ello con los graves trastornos producidos por la ley de Coordinación de Servicios Sanitarios de 11 de Julio de 1934, en orden a la efectividad de uno de sus más importantes recursos, cual es la aportación municipal ordinaria forzosa.

O levantamento das tropas de Marrocos botou abaixo o sistema republicano, e con él esta liña reivindicativa das competencias das institucións provinciais. Podemos caracterizar ás Comisións Xestoras da provincia na República en dous grandes bloques: o dominio dos homes da ORGA e dunha liña de reformas no ámbito da defensa e afianzamento do sistema –do 15 de abril de 1931 ó 9 de febreiro de 1934, e dende o 27 de decembro de 1935 ata o 18 de xullo de 1936–, e un período de casi dous anos de control radical-cedista –de febreiro de 1934 a decembro de 1935–, baseado nun precario

23 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1936, Sesión do 8 de abril, pax. 120.

24 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1936, Sesión do 20 de maio.

25 Arquivo da Deputación da Coruña, Libro de Actas 1936, Sesións do 3 e 10 de xuño, páxs. 230 e 246.

dominio institucional pola suspensión dos partidos republicanos e progresistas, e temén caracterizado por notables debates internos e a ausencia dunha única liña de actuación. O carácter provisional e interino, xunto a súa manifesta dependencia da orientación do Goberno Civil, cercenou considerablemente a autonomía de acción da corporación provincial da Coruña, que tentaba desvencellarse desa realidade no dramático estío de 1936.

BIBLIOGRAFÍA RESPECTO ÁS DEPUTACIONS PROVINCIAIS GALEGAS

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., (1993), 'Administración y sociedad en la Galicia liberal (Aproximación metodológica)', *I Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 211-224.
- COUSELO BARRIO, A., (1999), *La asistencia social en Galicia durante la Restauración: El Sanatorio de Conxo (1885-1931)*, Tese de Licenciatura inédita, Santiago.
- FARIÑA JAMARDO, X., (1986), *La Diputación de Pontevedra, 1836-1986*, Diputación Provincial.
- GALLEGO ANABITARTE, A., (1995), 'Colmeiro y la consolidación del Estado Administrativo', *II Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 13-28.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., (1988), *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII*, Ourense.
- GONZÁLEZ MARIÑAS, P., (1978), *Las Diputaciones Provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al Constitucionalismo*, A Coruña.
- (1984), 'La Mancomunidad gallega', *Estudios de Historia Social*, Nº 28-29, Madrid, pags. 359-361.
- (1993), 'A Administración galega na súa perspectiva histórica: Cuestións e problemas de organización territorial e administrativa', *I Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 13-37.
- (1995), 'Centralización y descentralización en el pensamiento de Manuel Colmeiro', *II Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 107-122.
- (1997), 'Don Luís López Ballesteros e a Administración española', *III Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 61-78.
- GRANDÍO SEOANE, E., (2004), *Política e provincia. A Deputación da Coruña na II República*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2004.

- LÓPEZ-CHAVES Y CASTRO, I., (1997), 'As reformas de López Ballesteros na función pública', *III Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 115-124.
- LÓPEZ MIRA, A. X., (1993), 'O réxime local galego no recente proceso estatutario', *I Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 353-362.
- (1995), 'Cidade e campo; urbano e rural na historia da administración local galega', *II Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 13-28.
- (1997), 'O funcionariado na doutrina galeguista: ¿visión fundamente social ou interesadamente política?', *III Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 125-141.
- LÓPEZ MORÁN, B., (1995), *A comarcalización histórica de Galicia no século XIX*, EGAP, Santiago.
- MÁIZ SUÁREZ, R., (1982), 'Os proxectos xurídico-constitucionais de descentralización política na Galiza do século XIX', *Grial Anexo I*, pags. 133-168.
- MONTANOS FERRÍN, E., (1993), 'Las etapas fundamentales de la Administración estatal en el Estado liberal', *I Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 161-210.
- PRADO GÓMEZ, A., (1990), *La Diputación Provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo*, Lugo.
- RIO BARJA, F.X., (1958), 'La delimitación provincial de Galicia en el siglo XVIII', *Bol. U. C.* 66.
- PRECEDO LEDO, A., (1993), 'Las propuestas de división territorial en Galicia', *I Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 225-250.
- VILAS NOGUEIRA, J., (1993), 'A Administración pública no proceso estatutario de Galicia na II República', *I Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 313-328.
- YEBRA MARTUL-ORTEGA, P., (1993), 'A Administración na doutrina galeguista', *I Simposio da Historia da Administración Pública*, EGAP, pags. 281-312.